

Comparativa das diferentes reformas das pensións

| | Antes de 2011 | Reforma 2011 | Reforma 2013 | Reforma 2022 |
|--|-------------------------------------|--|---|--|
| Idade de Xubilación | 65 anos | 67 anos | 67 anos | mantense nos 67 anos |
| Período de cálculo da pensión | 15 anos | subiuse a 25 anos | mantense en 25 anos | mantense en 25 anos |
| Mínimo tempo cotizado para cobrar o 100% da pensión | 35 anos | 38 anos e 6 meses para xubilarse aos 65 37 para xubilarse aos 67 | 38 anos e 6 meses para xubilarse aos 65 37 para xubilarse aos 67 | 38 anos e 6 meses para xubilarse aos 65 37 para xubilarse aos 67 |
| Xubilación anticipada e parcial | Idade mínima de xubilación: 61 anos | Auméntase a idade mínima para xubilarse aos 63 anos (con 33 cotizados) Endurécese o acceso á xubilación parcial | Mantense a idade mínima nos 63 anos con 33 cotizados | Modifícanse os coeficientes redutores para penalizar a xubilación anticipada |
| Revisión da contía poder adquisitivo | | | Estabelece o índice de revalorización anual do 0,25%, eliminando a revalorización conforme ao IPC | Sitúa a revalorización no IPC medio, en lugar do IPC acumulado interanual |
| Mecanismo para "compensar" o aumento de gasto | | Estabelece o Factor de Sustentabilidade, que liga as futuras pensións á esperanza de vida | Mantén e concreta o Factor de Sustentabilidade | Estabelece o Mecanismo de Equidade Interxeracional, aumentando as cotizacións, sen repercusión na contía da pensión futura |

Loitemos por unhas pensións públicas dignas!

Reforma das Pensións 2022

un novo ataque á clase traballadora galega



Confederación Intersindical Galega



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal



Por que esta reforma das pensións é regresiva?

No 2022 entrará en vigor a Reforma das Pensións que o Goberno español, os sindicatos estatais e as organizacións patronais pactaron, e que supón consolidar os recortes perpetrados nas reformas anteriores e engadir novos agravios.

Aínda que se nos pretenda presentar esta reforma como a normativa que derroga as anteriores, o certo é que o texto lexislativo perpetúa as medidas máis duras que tanto teñen precarizado o sistema público de pensións:

- **Mantense a idade de xubilación nos 67 anos**, recollida na reforma do PSOE de 2011 (pactada tamén no marco do diálogo social con UGT, CCOO e a patronal).
- Mantense o **período de cálculo de 25 anos** pactada nesa mesma reforma de 2011 co obxectivo de dificultar o acceso e reducir a contía das pensións, que na última década caeron no entorno do 25%.
- Neste novo texto pretende poñerse en valor a retirada do “factor de sustentabi-

lidade”, introducido na reforma de 2011 e concretado polo PP na de 2013, mais o que se fai é substituílo polo chamado “**mecanismo de equidade interxeracional**” que suporá novas penalizacións á clase traballadora sen garantir unha suba das contías das pensións.

- **Non se garante por lei a pensión mínima no 60% do salario medio**, tal e como recomenda a Carta Social Europea e que suporía elevar as prestacións mínimas aos 1.150€ ao mes, algo que desde a CIG levamos anos demandando. Tampouco se garante o poder adquisitivo das pensións.
- **Non se recupera tampouco o dereito á xubilación parcial** e segue penalizándose a xubilación anticipada, condenándose a moitos traballadores e traballadoras que realizan actividades de especial penosidade ou perigosidade a prolongar a súa vida laboral, e impedindo a entrada de xente nova no mundo laboral.

Por se isto non fora suficiente, anúnciase para o 2022 a segunda parte da reforma, que incluíría, entre outras lesivas medidas, a ampliación do período de cálculo de 25 a 35 anos, ou o fomento dos plans privados de pensións nas empresas sustentados na negociación colectiva e que suporían a privatización de parte das pensións.



Non se garante o poder adquisitivo das pensións!

As persoas pensionistas foron mantendo o seu **poder adquisitivo** entre 2018 e 2021, grazas á mobilización social. As pensións aumentaban en xaneiro, de acordo coa previsión de IPC do Goberno central, e a principios do ano seguinte, recuperábase a desviación entre o IPC previsto e o do mes de novembro mediante unha “paguiña”, que ademais se incluía na base das pensións. Este sistema permitía resistir a inflación.

A nova lei preséntase como continuadora do sistema, mais **ten trampa**. O índice para a revalorización xa non vai ser o IPC interanual acumulado, senón o “IPC medio”:

| Ano 2021 | |
|--------------------------|-----------|
| IPC interanual acumulado | IPC medio |
| 6,5% | 2,5% |

Como consecuencia deste truco, **as pensións de 2021 perderán un poder adquisitivo do 4%** (6,5%-2,5%), dado que a lei non recolle a “paguiña” compensatoria. E a partir de 2022 aplicarase o IPC medio, de modo que **a perda de poder adquisitivo pode cronificarse**, porque a revisión das posíbeis desviacións do IPC só vai facerse cada cinco anos (non anualmente) e non é obrigatoria.

SABÍAS QUE...?

- A pensión media na Galiza é de 865,94 € mensuais, 84 euros por debaixo do SMI. Mentres a pensión media no estado español é de 1017,97 €.
- 415.310 persoas pensionistas en Galiza teñen unha pensión inferior aos 736,34 €
- A poboación con máis de 65 anos acada de media 28,9 anos cotizados, moi lonxe dos 36,9 anos necesarios para acceder á pensión máxima.
- A idade media de xubilación está nos 64,71 anos e un 5,20% da poboación xubilase aos 69,52 anos.
- Existe unha enorme fenda de xénero que se comeza a xerar nos primeiros anos de

cotización e que chega aos 11,1 anos a favor dos homes cando chegan aos 65 anos, en prexuízo das mulleres.

- A pensión media dunha galega é case 300 euros inferior cá pensión media dun galego. As mulleres teñen unhas pensións medias un 35% inferiores ás dos homes e das persoas con pensións máis baixas, máis do 60% son mulleres.
- O gasto medio da UE en protección social é do 27,4% do PIB, mentres que no Estado español é de tan só o 23,1%. O gasto medio en pensións na UE está no 10,9% do PIB, mentres que no Estado español está no 9,8%.